





# RÍO ORTIGAL - TRES BISPOS

Adela Leiro, Mon Daporta  
abril 2017



**Distancia:** 8 km (ida e volta)  
**Dificultade:** media  
**Duración:** 4 horas



Circo glacial de Tres Bispos



Fragas no val do Ortigal


Un percorrido seguindo o curso do río Ortigal para achegarse ao circo glacial de Tres Bispos, coa posibilidade de subir ata o cume. Podemos gozar de boas vistas do val e das fragas nas abas da Serra de Villous. A ruta discorre, en parte, polo Abesedo de Donís, unha das mellores fragas dos Ancares. Se facemos a ruta a mediados de abril podemos gozar dun espectáculo pouco común, a floración dos narcisos no Campo Formoso.

## COMO CHEGAR:

Na estrada de Campa da Braña a Piornedo, na ponte de Vales arranca o camiño que remata nunha campa debaixo dos cumes de Tres Bispos e Os Penedois. Desde este lugar pódese subir á campa de Tres Bispos e seguir ata o cume.




Vista do val do Ortigal desde as abas de Tres Bispos



Carba (*Quercus petraea*).



Vestíxios da actividade glaciar na parte alta do val do río Ortigal



Unha das moitas fervezas do río Ortigal



Tres bidueiros de grande porte nas beiras do río Ortigal



Capudre (*Sorbus aucuparia*)





Bolboreta  
(*Abraxas grossulariata*)

As tres especies de narcisos que podemos atopar no val do Ortigal



*Narcissus triandrus*



Dente de can  
(*Erythronium dens-canis*)



*Narcissus asturiensis*



Floración de narcisos no Campo Formoso



*Narcissus pseudonarcissus*

